

INAUGURACIÓN DO PARQUE AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

HOMENAXE “O ESCRITOR NA SÚA TERRA”

VILALBA, 20 DE XUÑO DE 2009

Xa a chaira acariña unha outra filla, unha abidueira nova que a partir de hoxe inaugura a viaxe iniciática do irmanamento coa terra que a acolle, alimentándoa neste humus fértil vilalbés.

Xa a pedra solemne chanta para sempre as palabras do noso escritor na súa terra, nun proceso de comunión sempre reversíbel, porque damos, agradecidos, á terra o que sempre ela, xenerosa, nos cedeu primeiramente.

En dicíndomos a terra, queremos dicir o pobo. Porque hoxe, aquí, en Vilalba, é o pobo o que fala coa súa presenza, desde o orgullo que sente e manifesta polo bon facer do pai, do irmán, do tío, do curmán, do viciño, do amigo da infancia, do compañeiro de claustro, do profesor, do escritor de cabeceira..., porque Agustín é todo isto para cada @s aquí presentes nesta xornada de recoñecemento público ao escritor na súa terra.

A bidueira e a pedra actuaron como un preludio, como unha pía de bautismo cívico deste lugar de recreo vilalbés que, a partir deste momento tomará nome propio, masculino, singular, concreto e individual. Velaquí o Parque Agustín Fernández Paz, a paisaxe da memoria do noso benquerido escritor, que acompañará o día a día dos cidadáns desta terra e que se vén sumar ao longo percorrido literario que nesta vila e nesta comarca, como cita ineludíbel, deben visitar os amantes da literatura de noso e os visitantes curiosos alleos, ávidos de saber para ampliar un coñecemento que por si mesmo non traduce barreiras nin fronteiras.

Xunguir o nome de Agustín Fernández Paz con este espazo aberto, de encontro humano, que convida a practicar a palabra, oral e escrita, descifra a metáfora vivencial que percorre o camiño persoal transitado entre a casa e a familia do barrio das Fontiñas, como orixe xestadora do ser, e o marco escolar que desde o alto nos esculca; aquí, ao pé do conxunto de centros educativos, que ben poderían fotografar a delongada e intensa dedicación profesional no campo da docencia por parte do noso escritor, desde onde sempre amosou, como teórico e como mestre activo, un fiel compromiso persoal cunha escola galega, asentada na renovación pedagóxica constante, e mais no compromiso de construción dun sistema educativo galego, público e democrático.

A miña patria é a lingua, afirmou Pessoa, patriarca das letras portuguesas. *A patria do escritor é a súa lingua*, recoñece novamente o lonxevo escritor Francisco Ayala. A lingua galega tense convertido, tamén para Agustín Fernández Paz, no apoio óptimo para saltar o fío imperceptíbel entre o lector e o escritor e para, asemade, amplificar o convite social a xogar coas palabras que a lingua galega nos ofrece sempre, porque seguramente o noso amigo e compañeiro Agustín participa e exemplifica a máxima de Cortázar, logo de ter viaxado a Galiza e aproximarse ao seu pobo: *Os galegos respiran polo idioma*.

Agustín Fernández Paz arrombou a diglosia errática e aceptou, sen prexuízos, a lingua propia, o galego, para guiarnos por multitude de viaxes reais e imaxinarias, itinerarios trazados en tempo presente, pasado e futuro, da man de personaxes novos e adultos, mesmo daqueles invisibilizados. Porque na obra narrativa de Agustín, unha sensibilidade exquisita provocou que as mulleres, as nenas, tamén se convirtan en protagonistas activas e heroínas desenmascadoras que merecen o primeiro plano do relato, nunha evidente aposta metonímica pola agardada igualdade a todos os efectos na vida do noso día a día.

E xa postos a priorizar, porque se cadra a nosa vida é cativa e convértese nunha resolución de prioridades, o esforzo foi máis aló: a Agustín Fernández Paz deberemos sempre a súa aposta pola visibilización da literatura infantil e xuvenil, como un xénero literario maior, vestido de gala, fronte a quen se empeñar en lle apoñer sempre a etiqueta de “produto de segunda”, “xénero facilón, oportunista e escolar” ou “de público limitado”. Eis o reto persoal: converter, a contrafío, en realidade visíbel, tanxíbel e veraz unha literatura infantil e xuvenil propia, en galego, contada desde nós, mais con vocación de universalidade. O reto está conseguido. A obra narrativa en galego asinada polo noso escritor hoxe homenaxeado está sometida a reedicións constantes, porque o lectorado galego o demanda; é traducida a varias linguas porque outros mercados editores e lectores así o esixen; é premiada reiteradamente porque os xurados, os compañeiros de profesión, os libeiros e o lectorado recoñecen a súa calidade. E finalmente, por se aínda houber algunha físgoa de incredulidade, *O único que queda é o amor* recibirá o próximo 23 de xuño o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, concedido polo Ministerio de Cultura español, en Teruel, alén do Padornelo e do Cebreiro, fronteiras para nós unicamente xeográficas, demostrando que a literatura galega, como a cultura de noso en xeral, nin é limitada nin moito menos (nos) limita ou ailla.

As palabras son médicos dos azos enfermos, sentencio Esquilo, creador da traxedia grega. Neste tempo que, con preocupación polo presente e futuro da lingua galega, compartimos agradecemos a túa palabra. Precisamos o teu pensamento.

Parafraseando o poemario de Celso Emilio Ferreiro, *Onde o mundo se chama Vialba*, un escritor fillo do lugar, traballou desde o centro do mundo

creando un produto literario universal, dirixido a toda a humanidade, desde unha lingua propia á que aínda hoxe non se lle coñecen máis barreiras que as mentais ou ideolóxicas de quen non entende que só se pode ser universal desde as propias raíces. Por iso, prezado Agustín, sentimos este lugar xa como un pouquiño noso e orgúllanos agasallarte cunha nova paisaxe e un novo día para gardares na túa memoria.

Se houbo un día en que Jorge Luis Borges escribiu: “A literatura serve ante todo para a felicidade”, hoxe, aquí, dicimoslle a Agustín: “Grazas por tanta literatura, grazas por tanta felicidade”.

Mercedes Queixas Zas, Secretaria xeral da Aelg